

Páxina 97

Exercicio 1

A poboación activa é a formada por todas as persoas que traballan e reciben un soldo a cambio e polas persoas que non teñen emprego a pesar de que o buscan. A poboación inactiva está formada polas persoas que non poden traballar ou que non cobran un soldo polas súas actividades.

Exercicio 2

- Por exemplo, da madeira obtemos os mobles; da la obtemos xerseis, e do petróleo, gasolina.
- Os traballos que non obteñen produtos pertencen ao sector *terciario*.

Páxina 99

Exercicio 1

A agricultura é a actividade que consiste no cultivo da terra para obter produtos vexetais. Os traballos do agricultor son arar, que consiste en remover a terra; fertilizar para enriquecela; sementar, que é introducir na terra as sementes ou as plantas xa nacidas; fumigar para evitar enfermidades nas plantas, e recoller a colleita unha vez que madurou.

Exercicio 2

Un cultivo de secaño é aquel que medra só coa auga da chuva; por exemplo, a vide. Un cultivo de regadío é o que necesita ser regado para medrar, como as hortalizas.

Exercicio 3

Os cultivos industriais son os que se utilizan como materias primas para obter produtos industriais nas fábricas.

Páxina 101

Exercicio 1

A gandaría é a actividade que consiste na cría de animais para obter produtos deles. Pode ser intensiva, cando o gando se cría en cortes e granxas e o gandeiro se ocupa de alimentar o gando, controlar a súa saúde e limpar as cortes; ou extensiva, cando os animais se crían en terreos de pastos máis ou menos extensos e o gandeiro se ocupa de levar os animais ata os pastos naturais, onde se alimentan e coida deles.

Exercicio 2

Diferéncianse en que na pesca se capturan peixes e outros animais acuáticos no mar, en ríos ou lagos, mentres que na acuicultura se cultivan plantas e animais acuáticos nunha especie de estanques. Parécense en que nas dúas actividades se obteñen animais acuáticos.

Páxina 109

Exercicio 1

O sector secundario é o que inclúe todas as actividades que transforman materias primas en produtos elaborados.

Agrupar os traballos que se fan nas fábricas, nos obradoiros artesanais e os da construción.

Exercicio 2

A industria realízase en fábricas, que son edificios grandes, con moitos traballadores, que utilizan máquinas moi complexas que funcionan con enerxía e que fabrican moitos produtos iguais en moi pouco tempo. A artesanía desenvólvese en pequenos obradoiros, nos cales traballan poucas persoas, principalmente coas súas mans e máquinas sinxelas, e que fabrican poucos produtos que non adoitan ser completamente iguais entre si.

Exercicio 3

- A reutilización de envases permite darlles outro uso antes de tiralos ao lixo.
- Reciclar significa utilizar os residuos para elaborar novos produtos.
- Reducir o consumo quere dicir utilizar menos produtos, menos auga e menos enerxía.

Páxina 111

Exercicio 1

Tipos de industrias de base: cemento, lámina de metal, gasolina. Industrias de consumo: leite e coche.

Exercicio 2

A industria modifica a paisaxe mediante a construción de fábricas, polígonos industriais e vías de comunicación. Ademais, algunhas industrias xeran fumes e residuos que contaminan o aire, os solos e as augas.

Aproveite para transmitirllas aos alumnos a importancia de adoptar medidas de seguridade nas fábricas para manter limpo o medio natural.

Páxina 113

Exercicio 1

O sector terciario ou de servizos é o que agrupa todas as actividades que non obteñen ningún produto, senón que atenden as necesidades das persoas e das empresas. Por exemplo: Camareiro, avogada e médico.

Exercicio 2

De esquerda a dereita: servizos sociais (doutora), servizos sociais (policía), servizos ás empresas (informático), servizos turísticos e de lecer (camareiro) e servizos comerciais e de distribución (piloto).

Páxina 115

Exercicio 1

O turismo é o desprazamento que fan as persoas a diferentes lugares en busca de descanso e diversión.

Exercicio 2

Na actividade comercial interveñen o produto, o consumidor ou cliente, o vendedor, o establecemento e a forma de pagamento.

Exercicio 3

- O transporte é o servizo que permite trasladar persoas e mercadorías dun lugar a outro.
- Son necesarios os medios de transporte, as infraestruturas e os traballadores.

Páxina 117

Exercicio 3

Ideas principais.

- É a actividade que consiste en facer edificios e outras construcións con máquinas e ferramentas, a partir de ladrillo, cemento, aceiro, vigas de ferro...
- Nas fábricas. Nos obradoiros.
- Os traballadores do sector secundario encárganse de elaborar obxectos que utilizamos cada día, mesmo os edificios onde vivimos. Agrupa os traballos que se fan nas fábricas, os obradoiros e a construción.
- Os traballadores do sector terciario encárganse de prestar servizos variados, como os comerciais, ás empresas, sociais e de turismo e lecer. Agrupa as actividades que non obteñen ningún produto, senón que atenden as necesidades das persoas e das empresas.